

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
<b>CÓDIGO</b>	NON CUBRIR
<b>MATERIA</b>	Historia da escenografía
<b>DISCIPLINA</b>	Historia das artes do espectáculo
<b>TITULACIÓN</b>	Grao en Arte dramática
<b>ESPECIALIDADE</b>	Escenografía
<b>ITINERARIO</b>	
<b>CURSO</b>	2º
<b>CRÉDITOS ECTS</b>	5
<b>CARÁCTER</b>	Obrigatoria
<b>DEPARTAMENTO</b>	Teoría e historia das artes escénicas
<b>CENTRO</b>	ESAD de Galicia
<b>COORDINADOR/A</b>	Roberto Pascual
<b>DOCENTES</b>	<b>Nome e apelidos:</b> Roberto Pascual Rodríguez <b>Horario titorías:</b> <a href="https://esadgalicia.com/curso-escolar/">https://esadgalicia.com/curso-escolar/</a> <b>Despacho:</b> T4 <b>Contacto:</b> robertopascual@edu.xunta.es
<b>DESCRIPCIÓN</b>	Estudo do desenvolvemento histórico das diferentes formas do teatro e das outras artes do espectáculo así coma da súa imaxe escenográfica desde as primeiras manifestacións escénicas ata os nosos días, abordando non só a orde cronolóxica dos aconteceres escénicos, senón tamén a xestión dos grandes conceptos da teoría e a práctica escénica coas súas concrecións no tempo e no espazo.
<b>COÑECEMENTOS PREVIOS</b>	Saber analizar, comprender e explicar as distintas teorías do espectáculo ao longo da Historia Saber achegarse de xeito crítico, tanto por oral como por escrito, a calquera texto histórico, tanto literario coma teórico ou filosófico, sobre as artes do espectáculo.

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
<b>T2</b>	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
<b>T5</b>	Comprender e utilizar, cando menos, unha lingua estranxeira no ámbito do seu desenvolvemento profesional.
<b>T8</b>	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos
<b>T14</b>	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
<b>X6</b>	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
<b>X7</b>	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos
<b>X8</b>	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE	
<b>EE5</b>	Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
<b>EE6</b>	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Comprensión científica do significado e alcance disciplinar da Historiografía no contexto dos estudos literarios, teatrais, filosóficos e artísticos	T5, T8, X6, EE5, EE6
2. Adquisición e dominio dos elementos terminolóxicos e conceptuais correspondentes aos núcleos temáticos da disciplina	T2, T5, T8, X6, EE5, EE6
3. Adquisición e dominio de coñecementos teóricos e dos recursos metodolóxicos para o estudo sistemático da arte teatral e escenográfica na súa historia.	T2, T5, T8, X6, X8, EE5, EE6
4. Adquisición e desenvolvemento de capacidades básicas e técnicas de análise e investigación no marco da disciplina	T2, T8, T14, X6, EE5, EE6
5. Proxección da disciplina e dos seus aportes científicos, metodolóxicos e profesionais no ámbito da cultura e da creación artística.	T8, T14, X7, X8, EE5, EE6
6. Coñecemento do teatro e outras artes do espectáculo con vinculación á escenografía	T2, X6, EE5, EE6

desde as orixes ata os nosos días	
7. Coñecemento específico de nocións básicas da historia do teatro e a escenografía nos contextos máis próximos (Galicia)	X7, EE5, EE6
8. Comprensión e utilización das características do teatro e da escenografía nas distintas épocas históricas co fin de comprender unha idea de evolución que guía a historia da escenografía desde os conceptos de ruptura e revolución.	T14, X8, EE5, EE6

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Introducción	1.1 Outras formas de entender o espazo. Outros rituais. 1.2 A historiografía teatral e escenográfica.	1
2. As primeiras manifestacións escénicas. Edificios e artefactos escenográficos.	2.1 Rituais e manifestacións parateatrais en culturas sen tradición escrita 2.2. A Antigüidade 2.2.1 O teatro en Grecia e o seu espazo escénico 2.2.2. O teatro en Roma e o seu espazo escénico	5
3. Teatralidade e perspectiva artística na Idade Media	3.1. O teatro relixioso e os seus escenarios 3.2. O teatro pagán e popular e os seus escenarios: as mansións	4
4. O desenvolvemento das grandes tradicións escénicas en Europa: Renacemento e Barroco	4.1. As culturas nacionais, a moda arcádica e clasicista. Importancia no desenvolvemento da teatralidade 4.1.1. O desenvolvemento comercial das cidades: cara a un novo concepto construtivo do teatro. 1. O nacemento do “teatro á italiana” fronte ás formas populares da teatralidade. 2. Vitruvio. Os novos teatros. Alberti. Palladio, Scamozzi. Aleotti. A posta en escena renacentista. Serlio. Sabbatini. 4.2. O Século de Ouro español. Corrales de comedias e memorias de aparencia. Teatro en Galicia no XVII 4.3 Teatros isabelinos, elementos decorativos 4.4. Commedia dell’Arte 4.5 O nacemento do teatro na Francia Monárquica 4.6. Escenografía barroca: Galli Bibiena.	7
5. O gas na iluminación e a posta en escena moderna	5.1. O clasicismo centroeuropeo e a extensión do modelo francés. 5.2. A responsabilidade alemá na modernización teatral 5.3. Da <i>Sturm und Drang</i> ao Romanticismo, consecuencias na escenografía. 5.4 As influencias da ópera na escenografía. Wagner e a obra de arte total.	3
6. A posta en escena naturalista e a súa reacción simbolista	6.1. Naturalismo vs. Simbolismo: a revolución da imaxe escénica. 6.2. A eclosión dos teatros de arte e a escena libre. 6.3. A escenografía no teatro galego do S. XX	4
7. Oposicións ao realismo. A relevancia da iluminación das estruturas móbiles.	7.1. Alfred Jarry e a escola da patafísica. A mecanización. 7.2. Adolphe Appia. 7.3. Edward Gordon Craig.	4
8. A renovación escénica do primeiro terzo do século XX	8.1. As vangardas e o teatro. Introducción. 8.1.1. Vanguarda europea e teatralidade 8.1.2. As teses dos primeiros artistas escénicos galegos. 8.1.3. Cipriano Rivas Cheriff e a vanguardia española 8.2. Os renovadores da imaxe escénica. A aparición do director-escenógrafo. 8.3. Teatralidade e marxismo: a aportación técnica de Piscator e Brecht. 8.4. Meyerhold. Os pintores na época das vangardas. Rusia, teatro e revolución: Popova. O expresionismo. A Bauhaus. O teatro político. Artaud. O absurdo. Oskar Schlemmer. Jiri Kroha. Roger Planchon. Josef Svoboda.	6
9. Outros camiños de expresión: o teatro tras a II Guerra Mundial	9.1. A Francia do nihilismo e o teatro: absurdo e existencialismo 9.2. O teatro da morte: Tadeusz Kantor 9.2. O teatro independente: O happening. The Living Theatre. The Open Theatre. Bread & Puppet. 9.3. A transnacionalización teatral e a ruptura posdramática 9.4. As últimas investigacións escenográficas, entre os espazo baleiro e as novas tecnoloxías: Peter Brook, Robert Wilson, Robert Lepage. Jan Fabre. Krystian Lupa. Heiner Goebbels. Josef Nadj. Anne Viebrock.	5
<b>TOTAL SESIÓNS</b>		<b>40</b>

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Exposición maxistral	65		65
Exposición traballo	30mins.	1	1h 30
Comentarios de textos, fotografías, vídeos	4	2	6
Estudo persoal, lecturas complementarias e obrigatorias		40	40
Debate colectivo na aula	12		12
Titorías individuais	3		3
Actividades de avaliación. Exames e traballo	2	20	22
Actividades de avaliación. Revisión (opcional)	30 mins		30 mins

Unha eventual teledocencia debida á evolución da pandemia por covid-19 será organizada a través da plataforma Moodle, ademais do correo electrónico e clases puntuais por videoconferencia ou retransmitidas para alumnado que deba permanecer no seu domicilio. Optarase tamén por este sistema de teledocencia no caso de que a profesora sexa confinada tanto nunha parte coma na totalidade do cuadrimestre, ou se as autoridades educativas determinan o peche do grupo e/ou da escola enteira. Ante unha previsión desta posibilidade, tratarase de que o alumnado combine, na medida do posíbel, o emprego da plataforma Moodle co traballo presencial, de xeito que ante un posíbel paso á non presencialidade, todas e todos estean xa familiarizadas coa plataforma.

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSEÑANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Exposición maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices de traballo e aspectos básicos para o debate co fin de fornecer na aula e directamente os contidos conceptuais mínimos da disciplina.
Exposición traballo	Exposición individual de traballos, prevista para as últimas sesións de clase
Comentarios de textos, fotografías, vídeos	Exercicio escrito de análise e crítica de distintos documentos históricos ou teóricos referidos aos contidos da materia.
Estudo persoal, lecturas complementarias e obrigatorias	Traballo persoal do estudante para a fixación dos contados co fin da súa demostración de coñecementos ou da súa demostración de excelencia nas distintas probas. Trátase do traballo de estudo dos contidos fornecidos na aula, así como a lectura de textos obrigatorios e o acceso a distintos materiais recomendados polo docente.
Debate colectivo na aula	A partir dun contido ou contidos concretos, o docente proporá cuestións para o debate que, puntualmente, poderían contemplar a posibilidade de que unha sesión ou parte de sesión consista na busca de materiais na biblioteca para a xustificación das posicións no debate.
Titorías individuais	Visita de cada alumno ao docente co fin de realizar un seguemento da súa implicación coa materia.
Actividades de avaliación	Exame escrito ao final da materia e un traballo de 10 páxinas que se exporá en clase.

Unha eventual teledocencia debida á evolución da pandemia por covid-19 será organizada a través da plataforma Moodle, ademais do correo electrónico e clases puntuais por videoconferencia ou retransmitidas para alumnado que deba permanecer no seu domicilio. Optarase tamén por este sistema de teledocencia no caso de que a profesora sexa confinada tanto nunha parte coma na totalidade do cuadrimestre, ou se as autoridades educativas determinan o peche do grupo e/ou da escola enteira. Ante unha previsión desta posibilidade, tratarase de que o alumnado combine, na medida do posíbel, o emprego da plataforma Moodle co traballo presencial, de xeito que ante un posíbel paso á non presencialidade, todas e todos estean xa familiarizadas coa plataforma.

7. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
7.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Exames da materia ao longo do proceso de avaliación continua. Quen non supere esa proba ou desexe aumentar a nota, terá aínda a opción do exame final na convocatoria ordinaria de xuño. Os exames da materia responderán ao seguinte modelo: a) Texto/Imaxe correspondente a algún dos momentos históricos contemplados neste Programa con dúas preguntas nas que, a partir do texto/imaxe, o estudante poida demostrar a súa adquisición de competencias mínimas esixidas e a súa consecución dos obxectivos. b) Unha ou dúas preguntas tipo tema. c) Conceptos para definir.	T2, T8, X6, EE6	70%
Con carácter obrigatorio, tódolos alumnos deben realizar UN traballo sobre un escenógrafo contemporáneo. O traballo deberá ser exposto en público na aula. Deberá ser entregado con antelación á exposición e terá unha extensión mínima de 10 páxinas.	T2, T5, T8, T14, X7, X8, EE5	25%
Participación activa nas actividades de aula (debates, comentarios de textos, etc.)	T8, T14, X7, X8,	5%

tanto de carácter individual coma de grupo.	EE5, EE6	
<i>Amnistía ortográfica</i> : Prégase atención á redacción e ás faltas de ortografía nas probas e traballos, pois poden rebaixar a nota en 0,05 puntos por falta en casos de exceso, puntuación que será devolta se o alumno demostra ter superado o problema en probas sucesivas.		
<i>Política antiplaxio</i> : Calquera copia ou paráfrase directa de traballos publicados en calquera soporte (fundamentalmente internet) implicará un suspenso automático, só recuperábel nas convocatorias ordinaria e/ou extraordinaria.		
Aqueles estudantes que non teñan superada algunha das probas necesarias para aprobar a materia, deberán: 1/ Realizar un exame na data e hora da convocatoria ordinaria de xuño (vid. as características do exame no punto anterior); ou 2/ Demostrar, a través da realización dalgunha proba específica ou da repetición dalgún dos traballos non entregados/non superados que o/a alumno/a está en disposición de acadar as competencias non superadas. Será a docente quen decida cal das dúas opcións é a idónea para cada caso, optándose pola segunda sempre que a ausencia a clase non exceda o 20% e sempre que estea superado, polo menos, o 50% das probas.	T2, T5, T8, T14, X6, X7, X8, EE5, EE6	100%
<b>7.2. Avaliación extraordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
A avaliación na convocatoria extraordinaria de xullo consistirá nun exame arredor de CALQUERA dos contidos aos que se refire o temario. O exame constará de: 1. Un comentario dun texto sobre calquera dos aspectos contidos no temario. 2. Dous temas a desenvolver desde unha perspectiva crítico-histórica. 3. A definición de conceptos e termos da historia teatral explicados no temario. Quen non supere a avaliación ordinaria terá necesariamente que realizar este exame. Non hai opción a avaliar partes da materia por separado en xullo nin se gardará ningunha nota obtida durante a avaliación continua ou na convocatoria ordinaria de febreiro.	T2, T5, T8, T14, X6, X7, X8, EE5, EE6	100%
<b>7.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria</b>		
<b>Ferramenta / actividade</b>	<b>Competencias avaliadas</b>	<b>Ponderación</b>
Aqueles estudantes que perdan o dereito á avaliación continua por ausentarse a máis dun 10% das horas da materia deberán: 1/ Realizar un exame na data e hora da convocatoria ordinaria de xuño (vid. as características do exame no punto anterior); ou 2/ Demostrar, a través da realización dalgunha proba específica ou da repetición dalgún dos traballos non entregados/non superados que o/a alumno/a está en disposición de acadar as competencias non superadas. Será a docente quen decida cal das dúas opcións é a idónea para cada caso, optándose pola segunda sempre que a ausencia a clase non exceda o 20% e sempre que estea superado, polo menos, o 50% das probas.	T2, T5, T8, T14, X6, X7, X8, EE5	100%

Unha eventual teledocencia debida á evolución da pandemia por covid-19 será organizada a través da plataforma Moodle, ademais do correo electrónico e clases puntuais por videoconferencia ou retransmitidas para alumnado que deba permanecer no seu domicilio. Optarase tamén por este sistema de teledocencia no caso de que a profesora sexa confinada tanto nunha parte coma na totalidade do cuadrimestre, ou se as autoridades educativas determinan o peche do grupo e/ou da escola enteira. Ante unha previsión desta posibilidade, tratarase de que o alumnado combine, na medida do posíbel, o emprego da plataforma Moodle co traballo presencial, de xeito que ante un posíbel paso á non presencialidade, todas e todos estean xa familiarizadas coa plataforma.

## 8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas

- Adrados, Francisco R. (1999): *Del teatro griego al teatro de hoy*. Madrid: Alianza Editorial.  
 Andioc, René (1987): *Teatro y Sociedad en el Madrid del siglo XVIII*, Madrid, Castalia.  
 Aracil, Alfredo. *Juego y artificio. Automatas y otras ficciones en la cultura del Renacimiento a la ilustración*. Madrid: Ed. Cátedra.  
 Bertold, M. (1974): *Historia social del teatro*, Madrid, Ediciones Guadarrama.  
 Boucher, François (1967): *Historia del traje en Occidente. Desde la antigüedad hasta nuestros días*, Barcelona, Montaner y Simón.  
 Brecht, Bertolt (2004): *Escritos sobre teatro*. Barcelona: Alba editorial.  
 Carlson, Marvin (2005): *Performance. Unna introdución crítica*. Vigo: Ed. Galaxia.

Cosentino, Olga e Pablo Zunino (2002): *Teatro del siglo XX (el cansancio de las leyendas)*. Buenos Aires: Ed. Paidós Ibérica.

Davis, Tony (2002): *Escenógrafos: artes escénicas*. Barcelona: Ed. Océano.

Díez Borque, J. M<sup>a</sup> (Dir.) (1985): *Teatro y Fiesta en el Barroco*, Sevilla, Ediciones del Serbal.

-----(1988): *Historia del teatro en España*, vols. I y II, Madrid, Taurus.

Gómez Valero, José Antonio (2004): *Historia visual del escenario*. Madrid: Ed. La Avispa. Madrid.

Gordon Craig, E. *El arte del teatro*. ISBN: 968-7155-25-6

Grotowski, Jerzy (2009): *Hacia un teatro pobre*. Madrid: Ed. Siglo XXI.

Hermenegildo, A. (1994): *El Teatro del Siglo XVI*, Madrid, Ediciones Júcar.

Hernández García, Carmela (1998): *Fondo y forma del teatro del Siglo de Oro*. Madrid: La Avispa, Colección Ensayo.

Hormigón, Juan Antonio (2002): *Trabajo dramático y puesta en escena*. 2 vols. Madrid: ADE.

Huerta Calvo, Javier [dir.] (2003): *Historia del teatro español*. Madrid: Gredos.

Huerta Calvo, Javier e Andrés Peláez Martín (2003): *El viaje entretenido: Historia virtual del teatro español*. CD-ROM. Madrid: Ed. Gredos.

J.G. Pounds, Norman (1999): *La vida cotidiana. Historia de la cultura material*. Barcelona: Libros de historia. Ed. Crítica.

Laver, James (1997): *Breve historia del traje y la moda*, Madrid, Cátedra.

MacGowan, Kenneth & Melnitz, William (2003): *Las edades de oro del teatro*. Madrid: FCE.

Marinis, Marco de (1988): *El nuevo teatro, 1947-1970*. Barcelona: Paidós.

Merino Peral, Esther (2005): *El reino de la ilusión: Breve historia y tipos de espectáculo. El arte efímero y los orígenes de la escenografía*. Madrid: Universidad de Alcalá de Henares.

Morey, Miguel e Carmen Pardo (2003): *Robert Wilson*. Ed. Polígrafa. Colección 20\_21.

Moynet, M.J. (1999): *El teatro del siglo XIX por dentro*. Madrid: ADE.

Nicoll, Allardyce (1964): *Historia del teatro mundial*. Madrid: Aguilar.

Oliva, César e Francisco Torres Monreal (2005): *Historia básica del arte escénico*. Madrid: Cátedra.

Paz Canalejo, Juan (2006): *La caja de las magias. Las escenografías históricas en el Teatro Real*. Madrid: Ayuntamiento de Madrid.

Pérez Priego, Miguel Ángel (2009): *Teatro medieval*. Madrid: Ed. Cátedra, Colección Letras Hispánicas.

Pruner, Michel (2005): *A fábrica do teatro*. Vigo: Editorial Galaxia.

Ruano de la Haza, José María (2000): *La puesta en escena en los teatros comerciales del siglo de oro*, Madrid, Castalia.

Sánchez, José Antonio [ed.] (1999). *La escena moderna*. Madrid: Akal.

Savarese, Nicola (1992): *Teatro e spettacolo fra Oriente e Occidente*, Bari, Laterza.

Surgers, Anne (2009): *Teatro occidental: unha historia teatral desde a escenografía*. Vigo: Editorial Galaxia.

Turner, Victor (1988): *El proceso ritual*, Madrid, Taurus.

VV.AA. (2004): *Adolphe Appia. Escenografías*. Madrid: Círculo de Bellas Artes.

VV.AA. (2000): *El teatro de los pintores en la Europa de las Vanguardias*. Madrid. MNCARS, Aldeasa.

VV.AA. (1999): *La escena moderna. Manifiestos y textos sobre teatro de la época de las vanguardias*. Madrid: Akal.

Wellwarth, George E.(1974): *Teatro de protesta y paradoja*, Madrid, Alianza Editorial.

#### Referencias complementarias

Abirached, Robert (1992) *Le théâtre et le prince*. Paris: Plon.

Brockett, Oscar G. (1991) *History of the Theatre*. Boston: Allyn and Bacon.

Jacquot, Jean [comp.] (1978) *Les théâtres d'Asie*. Paris: Éditions du CNRS

Vieites, Manuel F. (2005) *Historia do teatro galego. Unha lectura escénica*. Santiago: Xunta de Galicia.

## 9. OBSERVACIÓNS

Esta Guía Docente pode verse modificada nalgún punto en virtude do desenvolvemento da docencia e os seus imprevistos, a criterio do docente ou do Departamento de Teoría e Historia das Artes Escénicas e sempre avisando o alumnado dos parámetros de mudanza con antelación e con argumentos xustificadas.

### MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha

planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala, tal como se establece no punto correspondente desta Guía Didáctica.

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, a docente ou docentes combinará(n) a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas, tal como se sinala no punto correspondente desta Guía.

**AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).**